

# Nada é o que parece

Desde o ano 1970, nunha pequena cidade de Menorca, Ciutadella, mantense un dos premios senlleiros na cultura catalá, o Premi Born de teatro, que no ano 2012 gañou Raúl Dans, un dos nomes principais da actual literatura galega. Crítica de X.M. Eyré.

Por Xosé M. Eyré | Redondela | 22/10/2013 | Actualizada ás 17:50

Título: **Unha corrente salvaxe**



Raúl Dans, autor teatral galego

Editorial: **Revista Galega de Teatro**

Raúl Dans irrumpiu con forza aló polos anos noventa do pasado século e con 'Unha corente salvaxe' acadou por unanimidade o galardón Born de teatro por segunda vez, xa que no 1997 xa o conseguira, canda Gerard Vázquez. Polo que é, con Antonio Álamo e Lluïsa Cunillé, dos poucos que teñen recuncado, dato que acrecenta os méritos do autor galego pois os seus parceiros gozan dunha reputación ben gañada no ámbito das culturas castelá e catalá.

E, en efecto, Unha corrente salvaxe atrapa ao lector, desde o inicio, no fluír dunha historia que desboca as súas augas de xeito que quen le se insire nunha dinámica que o vai ir sorprendendo a medida que avanza, e ao que non lle queda marxe para sequera tentar adiviñar o desenlace, habituado a que a páxina seguinte reconfigure a historia novamente. Especialmente é válido, isto que dicimos, para a segunda parte da peza, onde é un efecto perseguido e moi visíbel; porén, certamente con outra estratexia, tampouco á primeira lle é alleo.

A estrutura, moi intelixente e efectiva, desde o comezo nos lembrou a atmosfera dos filmes de temática negra clásicos que comezan cunha personaxe, aparentemente culpábel, que relata o acontecido antes de se poñer a contar a historia. Non só é que o inicio nolo lembrara, pois a historia encétase da mesma maneira, con Ana presetando unha traxedia, a traxedia que ameaza descerrarse e da que ninguén poderá fuxir, en realidade esa atmosfera pervive en toda a peza, contribuíndo moito a isto o feito de que a trama transcorre no espazo fechado do interior dunha casa rural. A esa casa rural chegan Ana e Clara (a súa filla, ambas mentefiñen unha relación conflitiva) con Carlos (namorado de Ana, mais non correspondido aínda que pensan casar). A esas personaxes engadírase Mario, de quen só diremos que del fuxía constantemente Ana, non imos desvelar máis toda vez que para o desenvolvemento da obra resulta transcendental a verdadeira identidade desta personaxe.

A primeira parte da obra está protagonizada por Ana, Clara e Carlos, e nela dispóñense varias microhistorias (Raúl Dans tamén foi gañador do Premio de Teatro Radiofónico Diario Cultural, ano 2007, polo que tamén domina o teatro nas distancias curtas) nas cales as personaxes están indefensas, desarmadas, fronte a un destino que teimará en convertelas en vítimas de maneira inagardada. Inagardada malia o fatuum que as envolve, que as podería volver predíciβeis. Un fatuum, un destino tiránico, do que non se dan ceibado ni por casualidade ou azar, un azar co que tamén se xoga no remate desta primeira parte, e que nunca ofrece a máis mínima posibilidade de salvamento. Deste xeito, as microhistorias de Pepe Pararraios, do dragón que morre dunha enchente ou do poni (esta aínda incompleta porque cose toda a historia), vense complementadas coas que saen do xogo cos naipes, convidando o lector a imaxinar un desenlace cando aínda é moi cedo para tal cousa e avisándoo de que estea moi atento ao rico apartado simbólico da peza.

Na segunda parte, ese fatuum, ese destino incontrolábel concretarase, esa ameaza sobre as cabezas das personaxes, pouco a pouco, para que o traumatismo da revelación sexa índa máis cruel, sexa aínda tráxico. As personaxes van revelar as súas auténticas caras, identidades que non imos revelar aquí, por suposto. Dúas personaxes son as que o van facer, Mario (pai carnal de Clara, non diremos máis) e Ana, de xeito que o lector/espectador asista á crueza do destino, á crueza de como o destino se cebou neles non condedéndolles marxe de manobra e lapuxando, afectando tamén as relacións máis íntimas de Clara e Mario, ferindo tamén a inocentes.

En definitiva, Unha corrente salvaxe pode considerarse a revisión da traxedia clásica, tinxida dunha atmosfera que lembra as historias clásicas de temática negra (escritas ou audiovisuais, é a posibilidade que aquí, no eido teatral, insinúa nos decantar polo segundo), trufada de microhistorias e simbolismos. En definitiva, unha traxedia moi rica no aspecto literario e que conta cunhas personaxes moi ben definidas, ás que o autor sabe conducir con mestría para que saibamos o xusto e a sospeita da verdadeira dimensión da traxedia teña o lector agarrado pola gorxa, incapaz de sospeitar até que extremo e dureza pode chegar.

Comenta